

PLAN DE REFORZO PARA A RECUPERACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

DATOS DO/A ALUMNO/A:

NOME E APELIDOS	
CURSO E GRUPO	

INFORMACIÓN SOBRE A MATERIA A SUPERAR

CONTIDOS TEMPORALIZADOS E DATAS DE EXAMES/ENTREGA DE TRABALLOS

	DATAS	CONTIDOS / BLOQUES TEMÁTICOS
1º TRIMESTRE	Farase un seguimento continuado do traballo do alumnado así como dos obxectivos acadados mediante probas escritas ao longo do trimestre na data que determinen convinte profesor e alumnado.	<p>NÚMEROS</p> <ul style="list-style-type: none"> - Divisibilidade - Números enteiros - Fraccións - Potencias - Proporcionalidade e porcentaxes
2º TRIMESTRE		<p>ÁLXEBRA</p> <ul style="list-style-type: none"> - Expresións alxébricas - Ecuacións de primeiro y segundo grao - Sistemas de ecuacións
3º TRIMESTRE		<p>XEOMETRÍA</p> <ul style="list-style-type: none"> - Figuras planas. Áreas. Teorema de Pitágoras - Semellanza. Teorema de Thales

CRITERIOS DE AVALIACIÓN RECOLLIDOS NA PROGRAMACIÓN

1. PROCESOS, MÉTODOS E ACTITUDES EN MATEMÁTICAS

- 1.1. Expresa, de xeito razoado, o proceso seguido na resolución dun problema, coa precisión e o rigor adecuados.
- 1.2. Analiza e comprende o enunciado dos problemas (datos, relacións entre os datos, e contexto do problema).
- 1.3. Utiliza estratexias heurísticas e procesos de razoamento na resolución de problemas.
- 1.4. Establece conexións entre un problema do mundo real e o mundo matemático
- 1.5. Desenvolve actitudes adecuadas para o traballo en matemáticas (esfuerzo, perseveranza).
- 1.6. Reflexiona sobre os problemas resoltos e os procesos desenvolvidos, e aprende para situacións similares.

2. NÚMEROS

- 2.1. Utiliza os diferentes tipos de números para representar, ordenar e interpretar axeitadamente a información cuantitativa, así como para resolver problemas.
- 2.2. Calcula o valor de expresións numéricas de distintos tipos de números mediante as operacións elementais e as potencias de expoñente natural, aplicando correctamente a xerarquía das operacións.
- 2.3. Reconoce as relacións de proporcionalidade directa, inversa e composta.
- 2.4. Resolve problemas de proporcionalidade simple e composta así como de repatos proporcionais.
- 2.5. Resolve problemas nos que interveñen porcentaxes así como nos que existen variacións porcentuais.

3. ÁLXEBA

- 3.1. Emprega a linguaxe alxébrica para obter fórmulas e termos xearais baseados na observación de pautas e regularidades.
- 3.2. Opera con expresións alxébricas sinxelas e identifica as identidades notables.
- 3.3. Resolve ecuacións de primeiro e segundo grao nunha variable así como sistemas lineais de dúas ecuacións e dúas incógnitas.

3.4. Formula alxebricamente un problema mediante ecuacións de primeiro ou segundo grao e sistemas de ecuacións lineais , resólveas e interpreta o resultado.

4. XEOMETRÍA

4.1. Aplica o teorema de Pitágoras para calcular lonxitudes descoñecidas na resolución de triángulos e áreas de polígonos regulares, en contextos xeométricos ou en contextos reais.

4.2. Recoñece figuras semellantes, calcula a razón de semellanza e aplica o teorema de Thales.

4.3. Aplica as escalas no cálculo de distancias en situacións da vida real.

RECURSOS A UTILIZAR

- **AULA VIRTUAL:** O alumnado terá acceso a un aula virtual de nivel de 2º ESO onde estará colgado abundante material (apuntes, boletíns de exercicios resoltos...) que poden empregar para preparar a materia.
- **CADERNIÑO DE TRABALLO:** Entregarase un boletín de exercicios cada trimestre para que poidan preparar as probas escritas que fagan ao longo do trimestre.

ESTRATEGIAS METODOLÓXICAS

- Seguimento e apoio durante a realización da tarefa mediante atención personalizada.
- Axuda puntual dalgún compañeiro.

SEGUIMENTO E AVALIACIÓN.

- O profesorado entregará ao alumnado un Programa de Reforzo para a superación das materias pendentes. Farase un seguimento continuado do traballo do alumnado así como dos obxectivos acadados mediante probas escritas ao longo do trimestre na data que determinen convinte profesor e alumnado



- Os contidos así como os criterios de avaliación para os alumnos con materias pendentes son os descritos nas correspondentes programacións didácticas de cada materia.
- A cualificación das avaliacións parciais da materia pendente será a media ponderada das probas escritas realizadas durante o trimestre.
- A cualificación na avaliación final da materia pendente será a media das notas das avaliacións parciais obtidas segundo o proceso anteriormente descrito.
- O alumnado que non acadase unha nota superior ou igual a 5 na materia ou materias pendentes segundo o proceso descrito e aprobe a avaliación final do curso no que está matriculado terá automaticamente aprobada a materia ou materias pendentes.

Para superar a materia pendente, a alumna ou o alumno deberán obter **avaliación positiva no plan de reforzo** correspondente, o que se terá en conta para os efectos de **promoción e/ou titulación**.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

- Contactos nos tempos de lecer
- Observación en aula
- Probas parciais.

ACREDITACIÓN DA INFORMACIÓN Á FAMILIA

Para deixar constancia da información ás familias e alumnado, xúntase modelo de constancia desta información. **A través de Abalar informarase ás familias de que se lle fixo entrega deste programa ao alumno/a con materia pendente.**



ANEXO

PROGRAMA DE RECUPERACIÓN DE APRENDIZAXES NON ADQUIRIDAS PARA O

ALUMNADO QUE PROMOCIONA DE CURSO CON MATERIAS SUSPENSAS:

INFORMACIÓN E COMPROMISOS DA FAMILIA

Como docente da materia de _____, do alumno/a _____, actualmente matriculado/a no _____ curso de ESO, infórmolles que imos desenvolver durante o presente curso un programa orientado á recuperación das aprendizaxes non acadadas na materia de _____ do curso _____.

Este programa, inclúe os aspectos sinalados no documento adxunto (xuntar plan de recuperación).

Observacións que desexa facer constar a familia:

Asdo. O/a profesor/a da materia pendente

Asdo. Pai/nai ou titores legais

Deben devolver este documento asinado ao profesor/a da materia pendente.

En _____ a de _____ de 20